

elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Con data 25 de maio de 2000, publicouse no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» unha rectificación da citada directiva. Conforme o indicado no artigo 19.2.b) do Real decreto 1511/1986, do 6 de xuño, de ordenación do Diario Oficial del Estado, cando se produzan erros ou omisións nunha norma, que supoñan unha modificación do seu contido, emendaranse mediante disposición do mesmo rango. Por iso, adécuase o texto do Real decreto 2001/1995, do 7 de decembro, á rectificación da Directiva comunitaria 94/36/CE mediante a aprobación deste real decreto.

Na súa elaboración foron oídas as asociacións de consumidores e os sectores afectados, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de maio de 2001,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do anexo IV do Real decreto 2001/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos colorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

Na parte 2 do anexo IV: colorantes restrinxidos ós usos previstos no presente anexo e mais no anexo III.

En lugar de: «E-123 Amaranito viños aromatizados, bebidas alcohólicas cun grao alcohólico inferior ó 15 por cento», léase: «E-123 Amaranito viños aromatizados, bebidas espirituosas incluíndo os produtos cun grao alcohólico inferior ó 15 por cento».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución, e de acordo co disposto no artigo 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de maio de 2001.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
CELIA VILLALOBOS TALERO

de determinadas substancias utilizadas para a fabricación ilícita de estupefacientes e substancias psicotrópicas, que foi modificada pola Directiva 93/46/CEE, da Comisión, impuxo ós estados membros da Unión Europea, e para o ámbito intracomunitario, a obriga de adoptaren un conxunto de medidas de control, de natureza administrativa, en relación coas substancias que inclúe no seu anexo I.

Co fin de lle dar cumprimento á normativa comunitaria, foi aprobada no ámbito interno español a Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas, e no seu anexo I incluíuse tamén o contido do anexo I da Directiva 92/109/CEE antes citada. Ó mesmo tempo, a disposición derradeira primeira, 2.^o da devandita lei habilita o Goberno para proceder á modificación dos seus anexos, co fin de adecualo contido destes ó disposto nos convenios internacionais e na lexislación comunitaria.

En marzo de 2000 a Comisión de Estupefacientes das Nacións Unidas adoptou a decisión de incluí-la substancia denominada «norefedrina» no cadro I do anexo á Convención das Nacións Unidas contra o Tráfico Ilícito de Estupefacientes e Substancias Psicotrópicas, de 1988, a Comisión da UE considerou necesario aplicar a dita decisión, e, por tanto, proceder a modificar a categoría 1 do anexo I da Directiva 92/109/CEE, do Consello, co fin de incluír na citada categoría a referida substancia, así como adaptar algunhas denominacións, e os códigos NC de tódalas substancias recollidas no citado anexo, tanto da referida categoría 1, como das contidas nas categorías 2 e 3, á nomenclatura actualmente en uso, trala aprobación do Regulamento (CE) 2204/1999 da Comisión, do 12 de outubro, polo que se modifica o anexo I do Regulamento (CEE) número 2658/87 do Consello, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e o arancel aduaneiro común.

A referida modificación produciuse a través da Directiva 2001/8/CE, da Comisión, do 8 de febreiro (publicada no Diario Oficial das Comunidades Europeas do 9), pola que se substitúe o anexo I da Directiva 92/109/CEE do Consello, a cal, de acordo co previsto no seu artigo 2, deberá ser transposta ó ordenamento interno dos estados membros antes do 1 de marzo de 2001.

En cumprimento do establecido na devandita Directiva comunitaria 2001/8/CE, da Comisión, procede modificar o anexo I da Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, o que se leva a cabo por este real decreto.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior e do Ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 25 de maio de 2001,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do anexo I da Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas.*

De acordo coa disposición derradeira primeira, número 2.^o, da Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas, modifícase o contido do anexo I da devandita lei, que queda substituído polo que se recolle como anexo I deste real decreto.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9943 *REAL DECRETO 559/2001, do 25 de maio, polo que se modifica o anexo I da Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, de medidas de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas, e se inclúe na súa categoría 1 a substancia denominada «norefedrina». («BOE» 126, do 26-5-2001.)*

A Directiva 92/109/CEE, do Consello, do 14 de decembro, relativa á fabricación e posta no mercado

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Dado en Madrid o 25 de maio de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

«ANEXO I**Categoría 1 (1)**

Substancia	Denominación NC (en caso de que sexa diferente)	Código NC (2)
1-fenil-2-propanona.	Fenilacetona.	2914 31 00
Ácido N acetilantranílico.	Ácido 2-acetamido-benzoico.	2924 22 00
Isosafrol (cis+trans).		2932 91 00
3,4 metilendioxi-fenil-2-propanona.	1-(1,3-Benzodioxol-5-il)propan-2-ona.	2932 92 00
Piperonal.		2932 93 00
Safrol.		2932 94 00
Efedrina.		2939 41 00
Pseudoefedrina.		2939 42 00
Norefedrina.		ex 2939 49 00
Ergometrina.		2939 61 00
Ergotamina.		2939 62 00
Ácido lisérxico.		2939 63 00

(1) Os sales das substancias enumeradas nesta categoría, sempre que a existencia dos ditos sales sexa posible.

(2) DO L 278 de 28.10.1999, p.1.

Categoría 2 (1)

Substancia	Denominación NC (en caso de que sexa diferente)	Código NC (2)
Anhídrido acético.		2915 24 00
Ácido fenilacético.		2916 34 00
Ácido antranílico.		2922 43 00
Piperidina.		2933 32 00

(1) Os sales das substancias enumeradas nesta categoría, sempre que a existencia dos ditos sales sexa posible.

(2) DO L 278 de 28.10.1999, p.1.

Categoría 3

Substancia	Denominación NC (en caso de que sexa diferente)	Código NC (1)
Ácido clorhídrico.	Cloruro de hidróxeno.	2806 10 00
Ácido sulfúrico.		2807 00 10
Permanganato de potasio *.		2841 61 00
Tolueno *.		2902 30 10 (90)
Éter etílico *.	Éter dietílico.	2909 11 00
Acetona *.		2914 11 00
Metiletilcetona (MEK) *.	Butanona.	2914 12 00»

* Os sales destas substancias, sempre que a existencia dos ditos sales sexa posible.

(1) DO L 278 de 28.10.1999, p.1.